**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 26/05/2025**
**(Extracto en https//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDE**
TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**CONCELLEIROS/AS**
Lista de asistentes
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes
ALBERTO VARELA PAZ

**SECRETARIA**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**
JULIO FONTAIÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26/05/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 19 de maio de 2025, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2025/1955**
Dáse conta do escrito presentado por D. José Aurelio Resúa Piñeiro, en representación de Ricardo Resua SL, comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para os días 30 e 31 de maio e 1 de xuño, con motivo da celebración da Festa da Xunqueira de Vilagarcía 2025.
Vista a documentación aportada e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a realización do espectáculo de pirotecnia solicitado.

**PRP2025/1960**
Dáse conta do escrito presentado por D. José Aurelio Resúa Piñeiro, en representación de Ricardo Resua SL, comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico para oo día 18 de maio, con motivo da celebración da Festa dos Maiores de Cornazo 2025.
Dáse conta da documentación aportada e o informe da Policía Local.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/1966**
Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sepy Medical SLU, para o subministro de dúas unidades de kit de detección de drogas (25 dispositivos cada caixa), por un importe total de 1.355,68 € (IVE incluído), con cargo á partida 132-22199.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1998**

Vista a proposta do Departamento de Recadación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Sistema de Control Artes Gráficas SLU (B15949795), para o subministro de 50.000 impresos para recibos e notificacións de constrinximento para os Departamentos de Rendas, Recadación e Policía Local (autosobre en branco), por un importe total de 4.219,88 € (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 931.22000.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/2001**
Dáse conta do escrito presentado por Asociación Española contra el Cancer, solicitando autorización para ocupación de vía pública para a realización dunha mesa informativa con carpa no Paseo da Praia de Compostela, o día 18 de xuño, en horario de 11:00 a 14:00 horas, paara desenvolver a campaña de prevención solar entre a cidadanía.
Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2025/1977**
Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos artísticos correspondentes.
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de Dona ISABEL VILLANUEVA SAENZ DE PIPAÓN con NIF 72819554J para a realización do concerto que na compaña de François Dumont, terá lugar o 25 de xuño no Pazo da Golpelleira dentro da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, polo importe total de 6.600,00 € ( 6.000,00 € + 600,00 € do 10 % do IVE) con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 1.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1978**
Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos

artísticos correspondentes.
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de MENDIALDÚA MUSIC S.L. con CIF B19267855 en representación de Luis Fernado Pérez, para a realización do concerto que terá lugar o 26 de xuño no Auditorio Municipal dentro da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, polo importe total de 4.840,00 € ( 4.000,00 € + 840,00 € do 21 % do IVE) con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 1.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1979**
Dáse conta de que no programa de concertos da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás está previsto realizar un concerto no Pazo de A Golpelleira tal e como temos realizado desde o ano 2018. Nesta ocasión a data elixida é o mércores 25 de xuño de 2025.
O servizo de catering no Pazo de A Golpelleira consistirá no servizo dun cocktail na entrada ao Pazo e un viño /aperitivo unha vez finalizado o concerto do 25 de xuño de 2025.
O aforo de público con entrada de pago na carpa do Pazo de A Golpelleira tense establecido en 265 persoas, que é o número de entradas que se ten xa vendido, estando destinadas outras localidades restantes do aforo do local á organización do festival.
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Sens Catering - Cocina Gallega Contemporánea S.L.- con CIF: B 94129095 por un total de 6.890,00 € (6.263,64€ + 626,36 € do 10% do IVE) para o servizo de catering que ofrecerá no concerto do día 25 de xuño de 2025 da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás con cargo á partida 3261 22699 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 1.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1980**
Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos artísticos correspondentes.
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a contratación de PABLO ZAPICO BRAÑA con NIF 76947794Y para a realización do concerto que terá lugar o 22 de xuño na Igrexa de Vistalegre dentro do Programa clasclás matinée da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, polo importe total de 1.650,00 € ( 1.500,00 € + 150,00 € do 10 % do IVE) con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 1,
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1981**
Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos artísticos correspondentes.
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto a favor de MUSICOS AO VIVO, Sociedade Cooperativa Galega, con

CIF F27843200 para que Flexible Dúo, composto por Rafael Yebra e Oswaldo Oro realicen un concerto o 27 de xuño no Salón García dentro do Programa matinée da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, polo importe total de 1.200,00 € ( 991,73 € + 208,27 € do 21 % do IVE) con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 1.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/1982**
Unha vez presentada a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás perante os medios de comunicación o pasado luns 21 de abril, compre proceder á formalización dos contratos artísticos correspondentes.
Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto a favor de Dona ALBA BARREIRO MARIÑO, con NIF 36139318Q para que O Dúo que conforma xunto con Fernando Raña realicen un concerto o 28 de xuño no Salón García dentro do Programa matinée da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás, polo importe total de 1.166,00 € ( 1.060,00 € + 106,00 € do 10 % do IVE) con cargo á partida 3261 22609 do Proxecto con código 2025-3-CRRTE-5 Liña 2, financiado co contrato de patrocinio do Sr. Ramiro Carregal.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2025/2058**
Dáse conta de Proposta da Concellería de Educación en relación coa necesidade de contratación dun servizo de transporte, que permita o desprazamento do alumnado e profesorado do CEIP Rubiáns ao Auditorio Municipal o vindeiro 27 de maio de 2025, data na que se celebrará un congreso escolar sobre Vilagarcía de Arousa organizado por dito centro educativo, como actividade do seu Plan Xeral.
Este evento contará coa presenza de diferentes personalidades do municipio e servirá para poñer en valor o coñecemento adquirido polo alumnado sobre a historia, cultura e identidade da nosa vila.
Para garantir a asistencia e participación de todo o alumnado, proponse a contratación de 2 autobuses de ida e volta dende o CEIP de Rubiáns ata o Auditorio Municipal.
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Transportes José Núñez Barros CIF A36020881, por un importe de 420,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (10%) de 42,00 €, dando un importe total de 462,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.223.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**MULLER E PERSOAS MAIORES**

**PRP2025/1983**
Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización de actividades de sensibilización e promoción do colectivo LGTBI+, con motivo da celebración do día do Orgullo o 28 de xuño, por un importe total de 2.035,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22610, , de conformidade co orzamento presentado por D Nelson Quinteiro Roa para a realización dun espectáculo de animación de rúa con intervención urbana e asaltos

escénicos baixo o slogan "Love parade" e temática LGTBI+ a cargo de Nelson Quinteiro e a Compañía "Cabaret Amor".
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CULTURA

**PRP2025/1986**
Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Cultura:
Este pasado 1 de maio de 2025, celebrouse o Certamen dos Maios 2025.
As cantidades establecidas como compesación económica segundo a modalidade de participación e indicadas nas bases, son a que a continuación se detalla:
As modalidades de participación e as compensacións económicas da Festa dos Maios 2025 serán as seguintes.

| MODALIDADE<br>Nº PERSONAS | SEN COPLA | CON COPLA MINIMO 10 PARTICIPANTES | CON LETRA MÁIS DE 25 PARTICIPANTES | CON COPLA MÍNIMO 4 PERSOAS |
|---|---|---|---|---|
| CÓNICO<br>ARTÍSTICO | 80€ e rosca<br>80€ e rosca | 100€ e rosca<br>100€ e rosca | 150€ e rosca<br>150€ e rosca | |
| Nº PERSONAS | SEN LETRA | | | |
| CRUZ DE MAIO<br>CAIXAS<br>BARCOS | rosca<br>rosca<br>rosca | | | 40 € e rosca<br>30 € e rosca<br>30 € e reosca |

Na X.G.L. de data 7 de abril de 2025, DASE CONTA dos gastos previstos para a celebración dos Maios 2025, segundo o número de participantes, a cantidade aprobada para facer efectiva a compensación económica, ascende a 3.700,00€
Como se indica nas bases establecidas:
“O pagamento dos mesmos faráselle ás persoas ou entidades que figuran na ficha de inscrición do concurso, mediante transferencia bancaria (o número de conta deberá indicacarse obrigatoriamente na ficha de inscrición, acompañado do certificado bancario da mesma)
A continuación se detallan os datos daqueles participantes, que segundo a modalidade de participación no evento e segundo as bases establecidas (modalidade, con copla mínimo 4, con copla minimo 10, con copla máis de 25), perciben compensación económica

| NOME | NIF | CTA. BANCARIA | MAIO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|
| SUSANA MOURE COBOS | | | CÓNICO: FLOR DE MAIO<br>ARTÍSTICO: RECUERDOS DE INFANCIA | 80,00€<br>80,00€ |
| SUSANA MOURE COBOS | 35477268K | ES35-0182-0639-3102-0171-3183 | | 160,00€ |
| ANPA SAN MARTIÑO | | | CÓNICO: MAIO TRADICIONAL<br>ARTÍSTICO: PANDERETEIRA C/ Letrilla + 25 | 80,00€<br>150,00€ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ANPA SAN MARTIÑO | G36271039 | Es87-2080-5068-6330-4000-3415 | | 230,00€ |
| ANPA DOUTOR FLEMING | | | CÓNICO: A MÚSICA DAS CANTANEXEIRAS C/Letrilla + 25<br>ARTÍSTICO: A PANDEIRETA - C/ LETRILLA + 25 | 150,00€<br>150,00€ |
| | | | | |
| ANPA DOUTOR FLEMING | G36351823 | ES38-2080-5542-2930-0000-5750 | | 300,00€ |
| ANPA ALONGA | | | CÓNICO: O MAIO MUSICAL – C/LETRILLA + 25<br>ARTÍSTICO: MUSICAL DE GREASE NO AREALONGA – C/LETRILLA + 25 | 150,00€<br>150,00€ |
| ANPA ALONGA DO CEIP AREALONGA | G36158731 | ES82-3070-0038-6460-8762-1915 | | 300,00€ |
| CEIP PLURILINGÜE DE RUBIÁNS | | | CÓNICO: SABELA MANTÉN AS TRADICIÓNS C/LETRILLA + 25<br>ARTÍSTICO: SABELA NA VILA – C/ LETRILLA + 25<br>CRUZ DE MAIO: A CRUZ DE XIABRE – C/ LETRILLA + 4<br>CAIXA: CAMELIA: A FLOR DA VILA – C/LETRILLA + 4<br>BARCO: MAR DE AROUSA – C/LETRILLA + 4 | 150,00€<br>150,00€<br>40,00€<br>30,00€<br>30,00€ |
| CEIP PLURILINGÜE DE RUBIÁNS | Q8655461E | ES21-2080-5029-1930-4000-3277 | | 400,00€ |
| ANPA CEE VILAGARCÍA DE AROUSA | | | CÓNICO: MAIO DE TROULA | 80,00€ |
| ANPA CEE VILAGARCÍA DE AROUSA | G36131027 | ES64-2080-5448-6430-0017-4234 | | 80,00€ |
| ANPA A ESCARDIA | | | CÓNICO: MAIÑO PILLABÁN- C/LETRILLA + 25<br>ARTÍSTICO: A MIÑA CUADRIGA C/LETRILLA + 25<br>CRUZ DE MAIO: NIMBO ESCARDIANO C/LETRILLA + 4<br>BARCO: O DRAKKAR C/ LETRILLA + 4 | 150;00€<br>150,00€<br>40,00€<br>30,00€ |
| ANPA A ESCARDIA | G36145209 | ES09-2080-3122-1830-4000-6548 | | 370,00€ |
| CEIP PLURILINGÜE ROSALIA DE CASTRO | | | CÓNICO: DEIXANDO PEGADA NAS TRADICIÓNS | 80,00€ |
| CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO | Q8655318G | ES85-2080-5024-9730-4000-2239 | | 80,00€ |
| MERCEDES BEGOÑA SIXTO NOGUEIRA | | | ARTÍSTICO: EL ANGEL PESCADOR<br>CRUZ DE MAIO: A CRUZ DO MAR C/LETRILLA +4 | 80,00€<br>40,00€ |
| MERCEDES BEGOÑA SIXTO NOGUEIRA | 76820769X | ES78-3070-0036-7562-4078-5227 | | 120,00€ |
| SANDRA GARCÍA ROMA | | | CÓNICO: TRADICIONAL<br>ARTÍSTICO: RANDEEIRA DE FADAS<br>CRUZ DE MAIO: CRUZ DE XESTA – C/LETRILLA + 4<br>CAIXA: CAIXA DA PRIMAVERA – C/LETRILLA + 4 | 80,00€<br>80,00€<br>40,00€<br>30,00€ |
| SANDRA GARCÍA ROMA | 35457589F | ES63-2080-1073-3130-4001-4657 | | 230,00€ |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| INÉS MARCOS CARREGAL | | | ARTÍSTICO: TORRE DE HÉRCULES | 80,00€ |
| INÉS MARCOS CARREGAL | 44845966Z | ES44-2080-0522-9630-4002-6851 | | 80,00€ |
| MARCELA DIZ LUGO | | | ARTÍSTICO: O PIORNO MÁIS ALEGRE DA ALDEA | 80,00€ |
| MARCELA DIZ LUGO | 35463730F | ES75-2080-1073-3030-4001-9340 | | 80,00€ |
| DIEGO RUBIANES DIZ | | | CÓNICO: TRADICIÓN<br>ARTÍSTICO: IGREXA DE DON LINO | 80,00€<br>80,00€ |
| DIEGO RUBIANES DIZ | 35599794A | ES85-2080-1073-3130-4002-3864 | | 160,00€ |
| ADRIANA BELOSO RODRÍGUEZ | | | CÓNICO: O MAIO PEREGRINO | 80,00€ |
| ADRIANA BELOSO RODRÍGUEZ | 35465833V | ES80-2080-5024-9230-4001-4408 | | 80,00€ |
| SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ | | | ARTÍSTICO: O FARO DAS LÚAS | 80,00€ |
| SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ | 76824560Y | ES93-0073-0100-5708-2226-7153 | | 80,00€ |
| AUREA VÁZQUEZ AIDO | | | ARTÍSICO: CASTRO GALEGO | 80,00€ |
| AUREA VÁZQUEZ AIDO | 35441207R | ES41-0186-6001-8805-0716-8765 | | 80,00€ |

Segundo a táboa indica no punto anterior, o gasto total de compensación económica ascende a un importe total de 2.830,00€, polo tanto, existen un sobrante na partida 334.48100 de 870,00€
Polo exposto
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o recoñecemento de obriga a favor dos participantes no Certame dos Maios 2025, segundo a táboa detallada anteriormente que deberán ser ingresadas unha vez aprobada esta proposta. Así mesmo acórdase reintegrar á partida correspodiente a cantidade 870,00€.

**PRP2025/1987**
Con data do 13/01/2025 apróbase na Xunta de Goberno Local o acordo sobre o certame de poesía Xaquina Trillo na súa IV edición 24-25. Neste acordo apróbase o subministro de tres pezas de " Castelao" de Sargadelos, compradas no comercio local do noso concello, no establecemento de referencia de Sargadelos MAVIC REGALOS.
DATOS DO PROVEDOR
EMPRESA: MAVIC REGALOS
Carmen Pérez Gómez
NIF: 32441334H
Dirección: Rúa Castelao, nº 7
36600 VILAGARCÍA DE AROUSA
A 13 de xaneiro de 2025 o establecemento cambia de titularidade pasando a ser o novo titular o fillo da anterior propietaria VÍCTOR SAN MARTÍN PÉREZ, con NIF: 35485345W, tal e como acreditan no documento que se xunta ao expediente.
Deste cambio dáse conta o servizo de Intervención ao facturarse o subministro cos datos do novo titular que quedaría así:
DATOS DO NOVO PROVEDOR

EMPRESA: MAVIC REGALOS
Víctor San Marín Pérez
NIF: 35485345W
Dirección: Rúa Castelao, nº 7
36600 VILAGARCÍA DE AROUSA
Informados do cambio, a Xunta de Goberno Local queda sabedora do cambio de titular, e acorda que se proceda ao pago da factura entregada co novo titular, sen prexuízo do que ditamine o servizo de Intervención Municipal.

**PRP2025/1988**
Vista a solicitude de D. Moises Campos Maneiro e/n Asociación Enanito de las Uvas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun serán 3ª Xantar San Fidel o 17 de maio de 2025:
ASOC. CULTURAL OS XIRIFEIROS 17-05-2025 391,00€
Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2025/1989**
Vista a solicitude de D. Paulino Mouriño Cascallar, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas na honra de San Martiño en Sobrán o vindeiro 11 de novembro de 2025:
ASOC. CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA 11-11-2025 391,00€
Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2025/1990**
Vista a solicitude de D. José Martín Ventoso Portas e/n Comisión Festas Santa María Guillán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dunha romaría na hora de San Antonio en Guillán o día 14 de xuño de 2025

| NOME | C.I.F. | DÍA ACTUACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| GRUPO FOLCLÓRICO MOCEDADE DA TORRE 83 | G36185817 | 14-06-2025 | 391,00€ |
| ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL AMENCER | G94135449 | 14-06-2025 | 335,00€ |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2025/1991**
Vista a solicitude de D. Juan Tomás Cores Fernández, presidente da Asociación Comisión Festas San Pedro Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas na honra da Virxe dos Dolores o vindeiro 28 de setembro de 2025:

| NOME DO GRUPO | C.I.F. | DÍA ACTUACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA -GAITAS- | G94150414 | 28-09-2025 | 350,00€ |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2025/1992**
Vista a solicitude da Asociación Amigos das festas de San Roque en Solobeira, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de San Roque o vindeiro 3 de agosto de 2025.

| NOME DO GRUPO | C.I.F. | DÍA ACTUACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| ASOCIACIÓN CULTURAL FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN<br>• GRUPO DE GAITAS TREBOADA- | G94007911 | 03-08-2025 | 350,00€ |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.
Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.
Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2025/1993**

Vista a solicitude da Asociación Comisión Festas San Miguel da Torre, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas na honra de San Miguel en A Torre os vindeiros días 3, 4 e 5 de outubro.

| NOME DO GRUPO | C.I.F. | DÍA ACTUACIÓN | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERREIBLES DE AROUSA | G36436947 | 03-10-2025 | 391,00€ |
| GRUPO FOLCLÓRICO MOCEDADE DA TORRE 83 | G36185817 | 04-10-2025 | 391,00€ |
| ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL AMENCER | G94135449 | 05-10-2025 | 335,00€ |

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

**PRP2025/1994**

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura para a aprobación de gasto de diversas actuacións dentro do Programa denominado Agora Vermú, que consiste en un ciclo de concertos, este ano serán 4 actuacións músicais, en horario matutino no mes de maio e xuño (12, 19 e 26 de maio e 2 e 9 de xuño) e que serán de balde para todo o público:

Este ciclo de concertos ten como obxectivo:

-dinamizar e promocionar a actividade lúdica e festiva

- Favorecer a conciliación e o desfrute en familia do tempo libre

-Fomentar a creación e a composición musical

-Fomentar a participación cidadá, realizando actividades para novos e maiores, unha mestura de xeracións, xeografías e inquedanzas, baixo o interese común dos produtos musicais galegos.

-Axudar a dinamización e promoción turística

- Fomentar a creación e a composición musical

-Apoiar a hostalería local

Este ciclo de ÁGORA VERMÚ desenvólvese en distintas rúas como obxectivo de descentralizar e fomentar a actividade cultural en distintos lugares de Vilagarcía.

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por un importe total de 13.503,70€, coa seguinte desagregación:

| Día Actuación | PROVEEDOR | C.I.F. | CONCEPTO | B.I. | I.V.A. 21% | IMPORTE LÍQUIDO | PARTIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 01-06-2025 | CHARLATANA S. COOP. GALEGA | F70514179 | ACTUACIÓN GRUPO XOUBAS | 1.200,00€ | 210,00€ | 1.210,00E | 334.22609 |
| 08-06-2025 | FONOSAURIOS S.L. | B94180692 | ACTUACIÓN GRUPO NOITE FECHADA | 800,00€ | 168,00€ | 968,00€ | 334.22609 |
| 15-06-2025 | ARTISTAMENTE S.L. | B67515817 | ACTUACIÓN GRU`P ESPIÑO BAND | 1.000,00€ | 210,00€ | 1.210,00€ | 334.22609 |
| 22-06-2025 | PRODUCCIONES EMERGE S.L. | B87326112 | ACTUACIÓN GRUPO THE LIMBOOS | 2500,00€ | 525,00€ | 3.025,00€ | 334.22609 |
| 29-06-2025 | ASOC. CULTURAL CHALADURA ROCK | G94139136 | ACTUACIÓN GRUPO CHALADURA ROCK | 1.000,00€ | EXENTO | 1.000,00€ | 334.22609 |

Acórdase así mesmo aprobar o orzamento presentado por DIEGO BASADRE BARREIRO con N.I.F. 79791916B, para a celebración dos concertos programados na actividade denominada AGORA VERMÚ 2025, e que a continuación se detalla:
Aluguer e montaxe – Importe total 3.872,00€ (B.I.: 3.200,00€ + 672,00€ (21% i.v.e)
Con cargo partida 334.203
Asistencia técnica – Importe total 2.218, 70€ (B.I.: 2.017,00€ + 201,70€ (10% i.ve.)
I.R.P.F. 15%(-241,05€) LIQUIDO A PERCIBIR: 1.916,15€.
Con cargo a partida 334.22799
Será a cargo do Concello de Vilagarcía os gastos correspondentes a SGAE (Sociedad General de Autores e Editores)

## CONTRATACIÓN

**PRP2025/1929**
Dáse conta da concesión de subvención ao Concello de vilagarcía de Arousa, ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña1 investimentos co obxecto do financiamento do investimeto "Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e travesías Rosalía de Castro, cuxo orzamento anscende a 61.221,09€, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| Orzamento | Subvención Plan +Provincia 2025 | Achegas doutras administracións públicas | Fondos propios do Concello |
|---|---|---|---|
| 61.221,09€ | 61.055,49€ | 0 | 165,60€ |

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2025/1971**
Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Educación para aprobación de gasto para "Estudio Geotécnico en Rúa Charco, parroquia de Rubiáns para acceso á Vía verde.O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da subvención da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria Comercio e Turismo, no Eixo programático 1 (Transición Verde e Sostible), actuación nº 1, destinada á Restauración ambiental de ligazón Vía Verde para prox. ligazón a ciclovía, vai executar un novo acceso á vía Verde do Salnés desde a Rúa Charco (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra).
A adecuación deste novo acceso servirá para proporcionar unha accesibilidade ao 100% da poboación, permitindo o goce da Vía Verde a todos os cidadáns.
